
Obxecto:	Resposta do promotor ao informe da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural (en diante, DXPC) e documentación adicional sobre o Estudo de Impacto Ambiental (EslA) e Proxecto de interese autonómico (PIA)
Proxecto:	Parque eólico Seselle
Localización:	Oza-Cesuras (A Coruña)
Promotor :	Galenergy, SLU
Remitente:	Xefatura Territorial da Coruña da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Economía, Industria e Innovación
S/clave:	IN408A 2020/10
Datas rexistro:	17.01.2022 (Resposta) e 20.10.2022 (documentación adicional)
Expedientes:	03.I.536.2020.001 (Servizo de Arqueoloxía) e IA3160/2020 (Servizo de Arquitectura)

O 17.01.2022 entrou no Rexistro electrónico da Xunta de Galicia un escrito do Servizo de Enerxías e Minas da Xefatura Territorial da Coruña da Vicepresidencia primeira e Consellería de Economía, Empresa e Innovación polo que se deu traslado da resposta do promotor ao informe emitido pola DXPC o 09.04.2021, así como a nova documentación achegada en relación co EslA e o PS do proxecto referenciado, co obxecto de continuar a tramitación administrativa deste expediente e que se emita un novo informe.

Por outra banda, consta neste departamento un escrito presentado por Pilar Mónica Fernández-Aceytuno Saénz de Santa María o 26.08.2022 no que se comunicou que o EslA deste parque eólico obviou a presenza de varios petróglifos, polo que solicitou que se paralizase calquera actividade que poida poñelos en risco, que se realice unha prospección arqueolóxica intensiva que revele a dimensión dos achados realizados pola veciñanza, e que se advirta destes feitos ao órgano encargado de realizar a Declaración de Impacto Ambiental (DIA).

O 20.10.2022 entrou un escrito do Servizo de Enerxías e Minas da Xefatura Territorial da Coruña polo que se deu traslado dunha nova documentación complementaria en relación co informe da DXPC ao EslA e PS deste parque eólico, que vén motivada, fundamentalmente, pola aparición dos devanditos petróglifos na poligonal do parque eólico.

ANTECEDENTES

O 09.04.2021 a DXPC emitira un informe no que se considerou que non se podían informar os documentos EslA Parque Eólico Seselle (agosto 2020) e PS Parque Eólico Seselle (visado de 02.04.2020), debéndose completar a documentación nos seguintes aspectos:

- Dentro da avaliación do impacto sobre o patrimonio cultural, realizarase un rozado baixo control arqueolóxico das áreas que non puideron ser prospectadas adecuadamente debido a vexetación, para descartar o confirmar a presenza de bens arqueolóxicos e establecer as medidas correctoras apropiadas.
- Efectuarase un estudo da afección visual do parque sobre as necrópoles de Seselle, Mazarelas, Portomoeiro e Monte do Gato, sobre o Castro de Ares (GA15026002) e o Castro de Cabreira (GA15026001). Este análise incluírá infografías nas que se visualice a relación das infraestruturas cos elementos patrimoniais
- Analizaranse correctamente os impactos paisaxísticos e os efectos sinérxicos, incluíndo todos os parques eólicos proxectados na área (Seselle, Gato, Felga, Fontella, Feás e Penas Boas), as súas liñas de evacuación e todos os bens do patrimonio cultural existentes no ámbito de implantación.

CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS:

Legislación aplicable en relación co patrimonio cultural:

- *Lei 5/2016, do 4 de maio, de patrimonio cultural de Galicia (DOG núm. 92, do 16.05.2016)*



- *Lei 7/2008, do 7 de xullo, de Protección da Paisaxe de Galicia (DOG núm. 139, do 18.07.2008)*
- *Decreto 19/2011, do 10 de febreiro, polo que se aproban as Directrices de Ordenación do territorio de Galicia (DOG núm. 36, do 22.02.2011)*
- *Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental (BOE núm. 296, do 11.12.2013)*
- *Lei 9/2018, de 5 de decembro, pola que se modifica a Lei 21/2013 de 9 de decembro de avaliación ambiental, a Lei 21/2015 de 20 de xullo, pola que se modifica a Lei 43/2003, de 21 de novembro, de Montes e a Lei 2/2005, de 9 de marzo, pola que se regula o réxime de comercio de emisións de gases de efecto invernadoiro (BOE núm. 294, do 06.12.2018)*
- *Decreto 83/2018, do 26 de xullo, polo que se aproba o Plan básico autonómico de Galicia (DOG núm. 162, do 27.08.2018)*
- *Decreto 199/1997, do 10 de xullo, polo que se regula a actividade arqueolóxica na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG núm. 150, do 06.08.1997)*
- *Lei 1/2021, de 8 de xaneiro, de ordenación do territorio de Galicia. (DOG do 14.01.2021)*
- *Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia (DOG do 19.02.2016)*
- *Decreto 73/2022, de 25 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica das vicepresidencias e das consellerías da Xunta de Galicia (DOG núm. 101, do 27.05.2022).*
- *Decreto 119/2022, do 23 de xuño, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades. (DOG núm. 126, do 04.07.2022)*

Á vista da documentación remitida, e en relación co patrimonio cultural, tense en conta o expresado nos informes dos servizos técnicos:

Análise da documentación

Documentación presentada o 17.01.2022

Presentouse un escrito do promotor co documento denominado "Documentación complementaria a avaliación do impacto patrimonial del parque eólico Seselle", firmado o 12.01.2022 e que inclúe:

- Documentación complementaria á Memoria de Avaliación de impacto arqueolóxico da área poligonal do PE.
- Arquivo SHP de infografías.
- Arquivo SHP de infraestruturas.
- Arquivo SHP da liña de alta tensión (LAT) de evacuación.

A Documentación complementaria á Memoria de Avaliación de impacto arqueolóxico vén asinada pola arqueóloga M^a Paz Blanco Sanmartín en xaneiro de 2022. Nela indícase que o establecemento de varias áreas de cautela correspóndense con diferentes circunstancias en relación tanto ao estado da zona no que atinxe á cuberta vexetal existente como aos bens patrimoniais documentados na mesma. Os traballos realizados na revisión dos diferentes recursos cartográficos dixitais dispoñibles (ortofotografía, LIDAR, MDT, planos de pendentes) permitiron identificar unha serie de avultamentos no contorno da necrópole da mámoas de Seixelle, que foron revisados na súa totalidade pero sen achegar datos concluíntes na totalidade das irregularidades topográficas. A localización do Muíño do Rego Munín e o topónimo de Prado dos Muíños conduciron ao establecemento da Área de cautela Prado dos Muíños. A existencia do topónimo Castro de Brueiro e que sobre parte da zona afectada polas obras non se obtiña unha boa visualización obrigou a establecer unha Área de cautela do Castro de Brueiro. As restantes áreas de cautela establecidas, Monte da Zanca e Pena de Mende, non obedecen a ningún tipo de dato que indique a existencia de posibles restos arqueolóxicos, e veu motivada, fundamentalmente, pola deficiente visibilidade do terreo existente.

Respecto aos elementos de carácter arquitectónico e etnolóxico, dentro da zona de afección soamente se atopa o Muíño no Rego de Munín, situado a 80 m ao L da pista que será empregada como vial de acceso ao aeroxerador SE03. Porén, a presenza do topónimo Prado dos Muíños levou a establecer unha área de cautela por se houbera outros elementos etnográficos ocultos pola vexetación. Cualifícase o impacto como compatible e propóñense as seguintes medidas correctoras:

- Sinalización do elemento e área de cautela na planimetría de obra.



- Control e seguimento da retirada de vexetación na zona a ocupar para a súa revisión e control arqueolóxico do replanteo do vial.

No informe da DXPC solicítárase un rozado baixo control arqueolóxico das áreas que non puideron ser prospectadas adecuadamente debido a vexetación, para descartar ou confirmar a presenza de bens arqueolóxicos e establecer as medidas correctoras apropiadas. A este respecto indícase que ata o de agora non foi posible obter as autorizacións necesarias das persoas propietarias dos terreos, polo que non puido realizarse a devandita limpeza de vexetación. Porén, expónse que no momento de obter os permisos necesarios realizárase a retirada de vexetación nas zonas de cautela nas que se implantarán as infraestruturas e a contorna inmediata destas, para logo realizar o replanteo. Indícase que o desenvolvemento deste tipo de traballos é perfectamente compatible coa execución do proxecto noutras zonas e que, en calquera caso, de localizarse calquera tipo de resto arqueolóxico, notificárase decontado á DXPC para que se adopten as medidas que se consideren máis axeitadas.

Tendo en conta que no momento de redactar este documento non había modificacións sobre a planta do proxecto construtivo, os impactos e as medidas correctoras recollidas na Memoria de Avaliación arqueolóxica do PE de Seselle -asinada en decembro de 2019- considerábanse plenamente vixentes (porén, coa nova documentación presentada posteriormente, modificouse o deseño do parque coa eliminación do aeroxerador SE03 e revisáronse e actualizáronse as avaliacións dos impactos e as medidas correctoras propostas).

Por outra banda, presentouse o documento "Simulación paisaxística desde elementos del patrimonio cultural Parque Eólico Seselle", complementario do estudo de impacto e integración paisaxística e do estudo de impacto sobre o patrimonio cultural do EsIA, e que se centra na visibilidade do proxecto do parque eólico Seselle e outros parques eólicos próximos (Fontella, Feás, Gato, Felga, Penas Boas e as súas liñas de evacuación, LAT Fontella-Abegondo), respecto dos elementos do patrimonio cultural presentes na contorna. Localízanse os aeroxeradores proxectados dos devanditos parques e os elementos do patrimonio cultural desde os que se realiza a toma de fotografías para realizar as infografías, das que se presentan e avalían 10 posicións.

Documentación presentada o 20.10.2022

O promotor presentou un escrito cunha addenda ao estudo de impacto arqueolóxico do proxecto do parque eólico Seselle que xorde perante a localización dunha serie de petróglifos na poligonal do parque eólico e a necesidade de ampliar e completar o estudo de impacto sobre o patrimonio cultural para identificar, localizar e protexer estes novos bens.

Como resultado desta nova avaliación a entidade promotora concluíu que a localización do aeroxerador SE03 non era compatible coa protección dos gravados rupestres localizados, polo que se eliminou a posición desta turbina e as infraestruturas asociadas á mesma. Como consecuencia deste cambio, modifícase, sen realizar ningunha variación adicional, a potencia unitaria dos aeroxeradores ata os 5,2 MW (inicialmente establecida en 5.0 MW), quedando por tanto o proxecto modificado e reducindo de sete posicións de aeroxeradores iniciais a seis posicións de aeroxeradores de 5,2 MW. Este aumento de potencia unitaria non leva consigo ningún tipo de variación con respecto ás superficies inicialmente previstas para instalar tanto os aeroxeradores nin aquelas referentes a vías de acceso ou gabias de cableado. A documentación achegada inclúe:

- Memoria Modificada de Evaluación de Impacto Patrimonial parque eólico Seselle, firmada 19.10.2022
- Planimetría en formato shp co novo deseño (PE SESELLE-SHP Infraestructuras proyecto_19.10.2022)

A memoria modificada vén asinada pola arqueóloga M^a Paz Blanco Sanmartín en outubro de 2022 e, segundo se recolle nela, logo de ter en conta a aparición dos novos xacementos arqueolóxicos, -que deriva na eliminación do aeroxerador SE03-, e que hai novos indicios na área de cautela na que se proxecta a instalación dos aeroxeradores SE01 e SE02, modifícase a avaliación patrimonial correspondente. Nesta nova avaliación inclúense as fichas individualizadas de cada un dos novos xacementos recentemente localizados, a pesar de non consideralos impactados coa eliminación da máquina SE03. Inclúese tamén unha actualización da ficha da área de cautela de Monte de Pena da Zanca



á que se lle engaden as referencias ás posibles minas e tamén se inclúen as fichas dos restantes sectores da área poligonal do parque aínda que non sufriron ningún tipo de modificación, para ter unha visión completa do estado actual da zona do parque eólico.

Os novos xacementos arqueolóxicos aparecidos trátase do conxunto de petróglifos denominados Monte das Penas I e II, Pena da Cerva, Pena de Mende/Pena das Mercedes e Revolta da Camposa, que se localizan na zona de cautela que fora delimitada como Área de Control Específico Pena de Mende e no contorno inmediato desta (agás os de Monte das Penas I e II, que se sitúan fóra da poligonal do parque eólico). Dita área de cautela fora establecida no seu momento pola imposibilidade de facer unha revisión intensiva da zona por mor da densa vexetación que cubre a zona.

O conxunto de petróglifos está formado por cinco afloramentos graníticos nos que se identificaron varios gravados rupestres, con presenza de motivos xeométricos (círculos concéntricos), coviñas e sucos, se ben se advirte que as condicións de iluminación no momento de revisar estes xacementos non foron as máis favorables para identificar de forma fiable as representacións que poden acoller estes petróglifos, polo que tanto o número como o tipo de motivos representados poderían aumentar noutras revisións con outras condicións ou cunha iluminación rasante. Entre eles os petróglifos gardan certa aliñación, nordeste-suroeste, determinada pola morfoloxía xeolóxica do terreo no que se localizan, na que abundan os afloramentos graníticos en superficie. Tendo en conta a eliminación do aeroxerador SE-3 e as súas infraestruturas asociadas, tamén se evitan os impactos sobre estes novos bens localizados, se ben se mantén a área de cautela de Pena de Mende que fora determinada na primeira memoria de avaliación. Por outro lado, propónse como medida compensatoria para este conxunto de petróglifos, realizar unha posta en valor dos xacementos coa limpeza de vexetación previa para a súa sinalización e divulgación social.

Inclúese tamén unha actualización da avaliación de impacto na área de cautela de Monte de Pena da Zanca, á que lle se engadiron as referencias a posibles minas, recollidas co gallo da realización dos traballos de documentación dos novos petróglifos. A veciñanza informoulle ás redactoras do estudo da posibilidade de que se sitúen dúas minas de extracción de wolframio na área de implantación dos aeroxeradores SE01 e SE02 e da subestación, que non se puideron localizar ata o de agora pero que, logo de analizar a cartografía LIDAR e o modelo dixital do terreo (MDT), e comparar os indicios apreciados nestes recursos co que se pode observar na mina de wolframio de San Finx, conclúese que se podería tratar dunhas canles e bancais para extraer o mineral e cunha corta que semella artificial vinculada á canle dun rego, e que tamén podería estar vinculada a unhas posibles minas de wolframio por necesidade de auga.

Por tanto, a identificación e a avaliación dos impactos arqueolóxicos actualizada é a seguinte:

Elemento	Distancia ás obras	Cualificación do impacto
Castro de Cabreira (GA15026001)	O xacemento está situado dentro da poligonal do parque eólico pero as obras máis próximas estarían situadas a máis de 200 metros ao nordeste do xacemento.	Sen impacto
A Medorra/O Tesouro (GA15026TP2)	As obras previstas máis preto, un tramo de vial novo de acceso á zona norte do parque, proxéctase a uns 270 metros ao nordeste da zona na que se emprazarían estes topónimos.	Sen impacto
Petróglifo de Pena da Cerva (GA15063069)	As obras previstas máis preto sitúanse a máis de 400 metros ao suroeste do xacemento.	Sen impacto
Petróglifo de Pena de Mende/Pena das Mercedes (GA15063070)	As obras previstas máis preto sitúanse a máis de 400 metros ao suroeste do xacemento.	Sen impacto
Petróglifo de Revolta da Camposa	As obras previstas máis preto sitúanse a máis de 500 metros ao suroeste	Sen impacto



(GA15063071)	do xacemento.	
Petróglifo de Monte das Penas I (inérito, sen código)	O xacemento está situado fóra da área poligonal do parque, e as obras previstas máis cercanas ao xacemento sitúanse a máis de 900 m ao suroeste deste.	Sen impacto
Petróglifo de Monte das Penas II (inérito, sen código)	O xacemento está situado fóra da área poligonal do parque, e as obras previstas máis cercanas ao xacemento sitúanse a máis de 900 m ao suroeste deste.	Sen impacto
Zona de Cautela de Monte da Zanca	Os aeroxeradores 1 e 2, así como a subestación proxéctanse na área cautelada. Existen indicios de posibles explotacións mineiras que se comprobarán, e de situarse nas zonas que se deseñan as obras proxectadas, respectarase na súa integridade.	Impacto compatible
Zona de Cautela do Castro Brueiro (GA15026T05)	O vial que une os aeroxeradores 4 e 5 proxéctase a uns 200 metros ao noroeste deste topónimo e utilizaría unha pista existente, polo que non se considerou que poida impactar dun xeito directo sobre a zona na que se localiza o topónimo. Considerouse que o impacto é compatible ao situarse as obras máis cercanas a uns 200 m e que estas consisten en adecuar unha pista existente como vial	Impacto compatible
Zona de Cautela das Mámoas de Seixelle e Brueiro (GA15063008, -011, -019-21, -026,-051)	Ambos conxuntos sitúanse dentro da poligonal do parque eólico pero as obras máis próximas están a máis de 300 metros ao oeste e noroeste de calquera dos túmulos. Non se considerou que haxa impacto directo por parte das obras.	Impacto compatible

- Como medidas correctoras de carácter xeral propóñense as seguintes:
 - Sinalización nos planos de obra de todos os elementos de interese patrimonial existentes dentro da área de afección do proxecto constructivo.
 - Non se realizarán remocións nin acopios non previstos en ningunha zona da obra sen consultar ás/aos arqueólogos/os que leven a cabo os traballos de control arqueolóxico. Calquera obra de reforma ou modificación de camiños, pistas, estradas ou viais non prevista en proxecto deberá contar coa aprobación e supervisión dos arqueólogos encargados do control e seguimento arqueolóxico das obras.
 - As obras de construción das plataformas, zapatas e resto de infraestruturas restrinxirase ás áreas marcadas para tal fin, tal e como se reflicten en planimetría.
 - Quedará prohibido o tránsito e o estacionamento de maquinaria fora das áreas habilitadas para este fin, especialmente na contorna inmediata dos xacementos e bens patrimoniais recollidos neste documento e os seus respectivos ámbitos de protección.
- Como medidas correctoras específicas propóñense as seguintes:

Elemento	Medidas protectoras e correctoras específicas	Cualificación do impacto
Castro de Cabreira (GA15026001)	Sinalización do elemento e da súa área de protección na planimetría de obra.	Sen impacto
A Medorra/O Tesouro (GA15026TP2)	Sinalización do elemento e da súa área de protección na planimetría de obra.	Sen impacto
Petróglifo de Pena da Cerva (GA15063069)	Sinalización do xacemento e a súa área de protección na planimetría de obra.	Sen impacto



Petróglifo de Pena de Mende/Pena das Mercedes (GA15063070)	Sinalización do xacemento e a súa área de protección na planimetría de obra.	Sen impacto
Petróglifo de Revolta da Camposa (GA15063071)	Sinalización do xacemento e a súa área de protección na planimetría de obra.	Sen impacto
Petróglifo de Monte das Penas I (inédito, sen código)	Sinalización do xacemento e a súa área de protección na planimetría de obra.	Sen impacto
Petróglifo de Monte das Penas II (inédito, sen código)	Sinalización do xacemento e a súa área de protección na planimetría de obra.	Sen impacto
Zona de Cautela de Monte da Zanca	Sinalización da zona de cautela na planimetría de obra. Control dos traballos de retirada da vexetación na zona cautelada. No caso de situarse as zonas de extracción mineira nesta zona, modificaríase o axente de impacto para conservar o elemento.	Impacto compatible
Zona de Cautela do Castro Brueiro (GA15026T05)	Sinalización da zona do topónimo e da área de cautela establecida na planimetría de obra. Realizarase o control arqueolóxico da retirada de vexetación na zona que ocuparán as instalacións previstas na zona de cautela, a zona prevista para o aeroxerador 5, para ser revisada posteriormente. Control arqueolóxico do replanteo do vial.	Impacto compatible
Zona de Cautela das Mámoas de Seixelle e Brueiro (GA15063008, -011, -019-21, -026,-051)	Sinalización dos elementos e da súa banda de protección na planimetría de obra. A pesar de que as obras previstas se sitúan a máis de 300 m do xacemento máis cercano, recoméndase prestar especial atención ás obras da escavación dos aeroxeradores 6 e 7, así como realizar o control da limpeza e retirada de vexetación e do replanteo do aeroxerador 6, situado nunha parcela actualmente cuberta por un denso manto vexetal.	Impacto compatible

- Asemade estimouse conveniente como medida compensatoria específica para o conxunto de petróglifos de Monte das Penas I e II, Pena da Cerva, Revolta da Camposa e Pena de Mende, que sexan obxecto dunha posta en valor que contemple a limpeza da súa contorna e se habilite unha ruta para a súa divulgación social. Indícase que sería bo que este proxecto se realizase en colaboración tanto coa DXPC como tamén coas asociacións culturais existentes na zona, SOS Patrimonio Monte do Gato-Seselle e a Fundación Monteagudo.
- Respecto aos elementos de carácter arquitectónico e etnolóxico, coa eliminación do aeroxerador SE03, desaparece a afección que ocasionaba o vial de acceso.

Unha vez analizada a documentación, pódense facer as seguintes consideracións técnicas:

- De acordo cos arquivos da Subdirección Xeral de Conservación e Restauración de Bens Culturais, e consultada a diversa cartografía e fotografías aéreas, así como o planeamento municipal, o Plan Básico Autonómico de Galicia (PBA) e os visores do Instituto de Estudos do Territorio, constátase que dentro da poligonal do parque eólico e no seu contorno existen bens integrantes do patrimonio cultural que se poderían ver afectados pola construción do parque eólico e que son recollidos na Memoria Modificada de Evaluación de Impacto Patrimonial parque eólico Seselle, onde se identifican, actualizan e se avalían os impactos e se propoñen unhas medidas protectoras, correctoras e compensatorias. Os bens identificados aparecen recollidos e valorados nesta memoria.
- Respecto ao patrimonio cultural de carácter arquitectónico ou etnolóxico, constátase que dentro da poligonal do parque eólico e no seu contorno non se ten constancia de que existan bens dese tipo que se poidan ver afectados pola construción do parque eólico a maiores dos recollidos na



Avaliación do impacto arqueolóxico da área poligonal de implantación do parque eólico Seselle do anexo IX do EIA. A documentación complementaria, requirida no informe da DXPC do 09.04.2021, aportada polo promotor o 17.01.2022 non cambia as afeccións aos elementos do patrimonio cultural de carácter arquitectónico e etnolóxico identificados na Avaliación do impacto arqueolóxico da área poligonal de implantación do parque eólico Seselle, nin pon en coñecemento novos elementos. A documentación adicional, aportada polo promotor o 20.10.2022, coa modificación do proxecto (supresión do aeroxerador SE03) elimina a afección aos elementos de carácter arquitectónico e etnolóxico.

- Cómpre ter en conta a natureza do rexistro arqueolóxico galego, moitas veces enmascarado por unha tupida vexetación, polo que non se pode desbotar a existencia deste tipo de bens non detectados ate o de agora, que aínda que non estean recollidos en inventarios, son susceptibles de protección por configuraren a paisaxe galega e caracterizar culturalmente o territorio. Este aspecto é relevante á hora de valorar as áreas de cautela arqueolóxica propostas na documentación para revisar no momento de rozar as superficies que non puideron ser convenientemente revisadas ata o de agora, máxime nos sectores onde foron detectadas anomalías e indicios nas consultas dos diferentes recursos cartográficos dixitais dispoñibles (ortofotografía, LIDAR, MDT, planos de pendentes). Por tanto, estas medidas protectoras deberán anticiparse ao inicio das obras de construción.
- No caso de apareceren novos restos arqueolóxicos, primarase a conservación in situ dos mesmos, o que poderá dar lugar a modificar as infraestruturas do proxecto e a establecer novas medidas protectoras, correctoras e compensatorias.
- Segundo se aprecia na "Simulación paisaxística desde elementos del patrimonio cultural. Parque eólico Seselle", a visibilidade dos aeroxeradores dende os xacementos arqueolóxicos seleccionados é variable. A vista dos aeroxeradores (fuste, rotor e aspas) está presente e se situaría sobre as liñas de horizonte no caso dos xacementos da Mámoa da Costa do Sal, Mámoa do Monte da Retorta 9, e nas Mámoas 3 e 11 do Monte do Gato. No caso do Castro de Ares só sería visible a pala dun aeroxerador. No caso das Mámoas de Seixelle 1 e 2, sendo os xacementos que se sitúan máis preto dos aeroxeradores proxectados, a visión destes resulta imperceptible, xa que están situadas nunha plantación de arboredo. Os aeroxeradores que se proxectan máis preto da necrópole megalítica de Monte do Gato sitúanse a uns 2,7 km do contorno de protección delimitado para este conxunto no planeamento urbanístico. Por outra banda, as modificacións propostas no proxecto coa eliminación do aeroxerador SE03 -que estaba proxectado no sector norte da poligonal- reduce a afección visual sobre o Castro de Cabreiras.
- Respecto aos efectos sinérxicos, da documentación presentada conséntase unha alta concentración de infraestruturas eólicas e de evacuación de enerxía proxectadas nesta área, se ben se descoñece cantas destas van ser definitivamente aprobadas e executadas.
- Os traballos e estudos realizados considéranse suficientes para valorar os impactos sobre os elementos arqueolóxicos documentados, e as medidas protectoras, correctoras e compensatorias de impacto propostas considéranse axeitadas, aínda que se considera necesario complementalas e matizalas.
- No que atinxe aos novos gravados rupestres localizados, os motivos documentados poden considerarse claramente no grupo da arte rupestre atlántica, e a este respecto cómpre recordar que en virtude do artigo 94.2 da Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia, todas as covas, abrigos e lugares ao aire libre que conteñan manifestacións de arte rupestre teñen a consideración de bens de interese cultural (BIC), isto é, a máxima categoría de protección contemplada na lei, e, por tanto, están sometidos ao réxime xurídico de protección que para estes bens establece a lei.
- Coa eliminación do aeroxerador SE03 e as infraestruturas asociadas deste elimínanse os posibles impactos sobre os devanditos petróglifos e os contornos de protección subsidiarios destes (perímetros de 200 m). Asemade, as medidas compensatorias propostas para este conxunto de petróglifos valóranse positivamente dado que contribuirían á protección, conservación e posta en valor destes xacementos. Porén, tendo en conta que algún deles sitúanse fóra da poligonal e quedan expensas de obter a autorización das entidades propietarias, terán que concretarse nun proxecto que se presentará con carácter previo ao inicio das obras de construción. Ademais estas



medidas compensatorias deberían contemplar, polo menos, estoutros aspectos:

- Estudar a posibilidade de adquirir as parcelas onde se sitúan os xacementos arqueolóxicos para garantir a súa protección, conservación e posta en valor.
 - Realizar traballos máis completos de documentación e rexistro dos petróglifos (incluíndo o modelado 3D do soporte e das figuras mediante fotogrametría e/ou escáner, así como o rexistro fotográfico diúrno e nocturno)
 - A consecución dunhas franxas de protección contra os lumes a través da tala dos eucaliptos e as rozas periódicas da vexetación que ocultan parcialmente os afloramentos rochosos nos que se sitúan os gravados rupestres, co obxecto de mellorar as súas condicións ambientais e de contemplación e disfrute. Xa que logo cumpriría elaborar un protocolo de limpeza e aportar un compromiso de mantemento do lugar a desenvolver durante o período de explotación do parque eólico.
 - A sinalización e actuacións de divulgación dos valores destes bens.
- Respecto aos accesos ao parque eólico, non se concretan as actuacións que sería necesario realizar para acondicionar estes accesos, polo que non se pode valorar se existen elementos do patrimonio cultural (xacementos arqueolóxicos, antigos camiños e corredoiras, valados de pedra, muros de peche tradicionais, carballeiras, pontes, pontellas, muíños e outras construcións etnográficas) que poidan verse afectados polas actuacións necesarias para adecualos na fase de obras (rectificación curvas, sobreanchos, cunetas, limpeza de vexetación, podas, etc).

A DXPC dentro do ámbito das súas competencias, despois de ver os informes técnicos e tendo en conta o establecido na LPCG, emite o seguinte

INFORME

Á vista do exposto, e desde o punto de vista da protección do patrimonio cultural, considérase que o proxecto de Parque eólico Seselle é compatible coa protección e conservación do patrimonio arqueolóxico segundo o deseño reflectido na Memoria Modificada de Evaluación de Impacto Patrimonial parque eólico Seselle -firmada 19.10.2022- e se informa de xeito **favorable** coas medidas protectoras, correctoras e compensatorias propostas na dita Memoria Modificada, debendo ter en conta asemade as seguintes condicións e consideracións:

- Con carácter previo ao inicio das obras de construción do parque eólico, deberán verificarse as zonas de cautela identificadas na memoria con indicios de posibles restos de minería ou avultamentos (túmulos), e aqueloutras que presentan unha densa cuberta vexetal, polo que se realizarán supervisións das rozas de vexetación nestas zonas que terán carácter presencial e continuo.
- No caso de que se constate a existencia de novos restos arqueolóxicos, notificarase decontado á DXPC e primarase a conservación in situ dos mesmos, o que poderá dar lugar a modificar as infraestruturas do proxecto e a establecer novas medidas protectoras, correctoras e compensatorias.
- As medidas compensatorias propostas para o conxunto de petróglifos localizados terán que concretarse nun proxecto que se presentará con carácter previo ao inicio das obras de construción do parque eólico e deberán complementarse nos seguintes aspectos:
- Estudar a posibilidade de adquirir as parcelas onde se sitúan os xacementos arqueolóxicos para garantir a súa protección, conservación e posta en valor.
- Realizar traballos máis completos de documentación e rexistro dos petróglifos (incluíndo o modelado 3D do soporte e das figuras mediante fotogrametría e/ou escáner, así como o rexistro fotográfico diúrno e nocturno)
- A consecución dunhas franxas de protección contra os lumes a través da tala dos eucaliptos e as rozas periódicas da vexetación que ocultan parcialmente os afloramentos rochosos nos que se sitúan os gravados rupestres, co obxecto de mellorar as súas condicións ambientais e de



contemplación e disfrute. Xa que logo cómpre elaborar un protocolo de limpeza e aportar un compromiso de mantemento do lugar a desenvolver durante o período de explotación do parque eólico.

- A sinalización e actuacións de divulgación dos valores destes bens.
- Unha vez autorizado o proxecto de execución do parque eólico, os traballos de construción do parque eólico realizaranse baixo control e seguimento arqueolóxico; a tal fin, e previo ao inicio dos mesmos, deberá presentarse un proxecto arqueolóxico axustado ao establecido na Lei 5/2016, do 4 de maio, de patrimonio cultural de Galicia (DOG núm. 92, do 16.05.2016) e no Decreto 199/1997, do 10 de xullo, polo que se regula a actividade arqueolóxica na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG núm., 150, do 06.08.1997). Este proxecto contemplará as medidas protectoras, correctoras e compensatorias indicadas Memoria Modificada de Evaluación de Impacto Patrimonial parque eólico Seselle do ESlA e mais as derivadas deste informe.
- A totalidade das obras que comporten movementos ou remocións de terras deberán levar aparelladas o control arqueolóxico das mesmas, que deberá ser presencial, continuo e a pé de obra no contorno de protección dos bens arqueolóxicos ou de calquera outro ben que poida aparecer durante o transcurso das obras.
- Estableceranse zonas específicas de cautela nos ámbitos que serán ocupados polas plataformas, as cimentacións dos aeroxeradores e as infraestruturas asociadas, nas que as rozas de vexetación previas á executar calquera movemento de terras deberán facerse baixo control arqueolóxico, que terá carácter presencial e continuo. Realizarase un especial seguimento da roza das zonas de obra, así como o control dos perfís e cortes que se xeren.
- No caso de que se constate a existencia de restos arqueolóxicos, primarase a conservación in situ dos mesmos, o que poderá dar lugar a modificar as infraestruturas do proxecto e a establecer novas medidas protectoras, correctoras e compensatorias.
- Certificarase o estado final dos elementos incluídos no patrimonio cultural unha vez rematada a totalidade das obras.
- Calquera modificación do proxecto de parque eólico terá que ser informada pola DXPC.

Respecto ao proxecto Sectorial

- Deberá incorporar as modificacións realizadas no deseño do parque eólico e reflectirse nas planimetrías correspondentes, para que haxa total correspondencia entre todos os documentos deste proxecto de parque eólico: Proxecto de execución, ESlA e Proxecto sectorial.
- Asemade deberá completarse co inventario de todos os bens identificados no estudo, todas as valoracións de impacto e a proposta de medidas protectoras, correctoras e compensatorias que se recollan no estudo de impacto ambiental a raíz destes cambios.
- Os contornos de protección dos bens serán os definidos no planeamento correspondente, e, no seu defecto, os establecidos no artigo 38 da Lei 5/2016, do 4 de maio, de patrimonio cultural de Galicia.
- Respecto da cualificación urbanística dos terreos, deberá recollerse a correspondente a solo rústico de protección de patrimonio para as áreas de protección integral dos xacementos arqueolóxicos existentes verificados en campo. Asemade deberá referirse ás normativas de protección do patrimonio cultural dos planeamentos urbanísticos dos concellos afectados.
- O Concello de Oza-Cesuras deberá integrar os novos bens patrimoniais identificados no seu catálogo urbanístico de protección e definir e cartografar os seus contornos de protección na planimetría de ordenación.

Toda vez que este informe se emite dentro do trámite ambiental, cómpre sinalar que de acordo cos artigos 39 e 45 da Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia, as intervencións que se pretendan realizar en bens de interese cultural ou catalogados, así como no seu contorno de protección ou zona de amortecemento, terán que se autorizadas pola consellería competente en materia de



patrimonio cultural e a estes efectos, o promotor ou o concello previa concesión de licenza deberá remitir o correspondente proxecto técnico.

Documento asinado dixitalmente en Santiago de Compostela

A directora xeral de Patrimonio Cultural

M^a Carmen Martínez Ínsua

Servizo de Enerxías e Minas da Xefatura Territorial da Coruña da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Economía, Empresa e Innovación

